



BOLETÍN DO IPsiUS

Editorial

Neste segundo boletín do IPsiUS damos a benvida ao mes de febreiro, un mes no que ademais de celebrar unha data tan especial como é o **Día da Psicoloxía**, tamén conmemoramos, o vindeiro 11 de febreiro, o **Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia**. Esta data, proclamada no ano 2016 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, nace co obxectivo de promover o acceso e a participación plena e equitativa das mulleres no ámbito científico. A pesar dos avances globais, a presenza feminina segue sendo minoritaria na investigación, e existen barreiras estruturais, como a falta de referentes, as desigualdades salariais ou as fendas de oportunidade, que impiden a participación plena das mulleres no mundo da investigación.

No IPsiUS temos motivos para estar orgullosas; **contamos cunha importante presenza feminina**, con investigadoras que acadaron logros e posicións de responsabilidade e liderado en múltiples ámbitos do noso centro. Esta realidade, froito dun compromiso colectivo coa igualdade, non só enriquece a calidade da nosa investigación, senón que tamén ofrece modelos inspiradores para as novas xeracións.

Con todo, aínda queda moito camiño por percorrer. A celebración do 11 de febreiro é tamén unha chamada para continuar promovendo políticas e prácticas que faciliten a conciliación, eliminen os estereotipos e desigualdades de xénero, e garantan que todas e todos teñamos as mesmas oportunidades para progresar no ámbito científico. Neste contexto, convídevos a celebrar os logros alcanzados, reflexionar sobre as melloras que podemos promover no noso centro, e, moi especialmente, a reafirmar o noso compromiso cunha comunidade científica xusta e igualitaria.

Laura López-Romero

(Responsable de Igualdade do IPsiUS)

Eventos do mes

05/02/2026

Neste mes celebrarase unha nova edición da **Ciencia Mensual IPsiUS**, un espazo de divulgación e reflexión aberto á cidadanía, no que se abordarán dous temas de gran relevancia social e científica: a integración das personas migrantes e os trastornos mentais.

Estas sesións teñen como obxectivo fomentar o coñecemento, a sensibilización e o debate informado sobre cuestións que afectan directamente á nosa sociedade.



CIENCIA MENSUAL IPsiUS

Integración de las personas migrantes ante el auge de los partidos políticos anti-inmigración en las democracias europeas
PRESENTA
Tamara Fernández Cores
GRUPO COSOYPA

¿Por qué las personas tienen trastornos mentales?
PRESENTA
Elisardo Becoña Iglesias
GRUPO TRATAPSICOLÓGICO

 **XOVES**
5 FEBREIRO 2026

 **16:00**

SALA DE XUNTAS
FACULTADE DE PSICOLOXÍA

Novas IPsiUS



Imaxe: arquivo propio do IPsiUS

No marco do Programa Intensivo Combinado (BIP) da Alianza EUniWell ***“From Self-Care to Career: Building Resilient PhD Pathways”***, estudantes de doutoramento participaron nun encontro co IPsiUS.

Durante o encontro, as e os estudantes de doutoramento coñeceron as liñas de investigación do instituto e compartiron un espazo de diálogo arredor do benestar durante o doutoramento, reflexionando sobre o autocoidado, a carreira investigadora e a construción de traxectorias académicas resilientes.

IPsiUS nos medios

19/01/2026. Xornal da USC

O IPsiUS no I Encontro da Rede de Investigación en Promoción da Saúde

I Encontro da Rede de Investigación
en Promoción da Saúde de Galicia.

RIPS-GA



Imaxe: Captura de pantalla do programa

No marco deste encontro presentouse oficialmente a rede **RIPS-GA**, un recurso estratéxico para Galicia que aposta pola prevención, pola mellora do benestar da cidadanía e pola protección do sistema sanitario público fronte aos retos do envellecemento, da cronicidade e do cambio demográfico.

Na xornada, **Elisardo Becoña** e **María del Carmen Míguez Varela** presentaron a liña de investigación en tabaco e cigarros electrónicos, e **Arturo Pereiro** a liña de investigación en actividade física, sedentarismo e envellecemento activo.

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/ipsius-encontro-rede-investigacion-promocion-saude>

22/01/2026. Xornal "Diario de Santiago"

Bota a andar a terceira tempada da serie audiovisual 'Investigamos na USC'

Ana López Durán dá inicio á terceira tempada de 'Investigamos na USC', una serie audiovisual do servizo de medios audiovisuais da USC (SERVIMAV), que se publicará cada xoves na canle oficial de YouTube da USC. Nesta entrega a nosa compañeira fala sobre as adicións, abordando como estes trastornos afectan a vida e saúde das persoas.

Podedes ver esta entrega no seguinte enlace: [Investigamos no tratamento](#)

<https://www.diariodesantiago.es/santiago/arranca-la-tercera-temporada-de-la-serie-audiovisual-investigamos-na-usc/>



Imaxe: arquivo propio do IPsiUS

22/01/2026. Xornal "La Voz de Galicia"


El abuso de la tecnología hace aflorar el «sedentarismo cognitivo»: «Nos orientamos peor, la atención y la memoria se están viendo afectadas»

Isabel Fraga, directora do IPsiUS, foi entrevistada por La Voz de Galicia para falar sobre o impacto que ten o uso das tecnoloxías no proceso de aprendizaxe e memoria.

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lavozdelasalud/vida-saludable/2026/01/21/abuso-tecnologia-aflorar-sedentarismo-cognitivo-orientamos-peor-atencion-memoria-viendo-afectadas/00031769017492728590792.htm>



Imaxe: Canva



inxenius Gal | Esp

TALENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA AO ALCANCE DAS PERSOAS.

Descobre o talento investigador que se agocha en Santiago de Compostela.

Imaxe: Captura de pantalla web inxenius

23/01/2026. Xornal da USC

O IPsiUS participa na APP Inxenius, unha nova plataforma para descubrir a ciencia de Santiago

Xa se pode descargar a **APP Inxenius**, unha iniciativa xurdida do **obradoiro de emprego Genius**, no que 16 mozas e mozos menores de 30 anos recibiron formación en desenvolvemento de aplicacións web e contidos audiovisuais interactivos.

Esta ferramenta dixital dá visibilidade ao ecosistema científico de Santiago e aos institutos e centros de investigación da Universidade de Santiago, entre eles o IPsiUS, que forma parte da rede incluída na aplicación.

Inxenius está dispoñible de balde para IOS e Android. Pódese acceder á aplicación a través do seguinte enlace: [APP Inxenius](#)

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/ipsius-participa-app-inxenius-plataforma-descubrir-ciencia-santiago>

Novas publicacións*

- Mattavelli, S., Brambilla, M., Koch, A., & **Dono, M.** (2026). "If Immoral Then Unable": Asymmetric Generalizations in Social Judgment. *Personality and Social Psychology Bulletin*. <https://doi.org/10.1177/01461672251410724>
- **Gil-Ugidos, A.**, Alcántara-Espinosa, J., Rubal-Otero, L., Mayo-Moldes, M., Samartin-Veiga, N., & **Carrillo-de-la-Peña, M. T.** (2026). Transcranial electrical stimulation (tES) in chronic pain patients: Effects on daily-reported symptoms. *Anaesthesia, critical care & pain medicine*, 45(1), 101613. <https://doi.org/10.1016/J.ACCPM.2025.101613>
- **López-Durán, A., Martínez-Vispo, C.**, Suárez-Castro, D., Barroso-Hurtado, M., **Míguez, M. C.**, & **Becoña, E.** (2026). Self-efficacy and sex on the relationship between tobacco dependence and long-term abstinence: a moderated mediation approach. *Current Psychology*, 45(3). <https://doi.org/10.1007/S12144-025-08818-4>
- **Arora, S., Lojo-Seoane, C.**, Leiva, D., Blanco, L. P., **Mallo, S. C.**, Nieto-Vieites, A., & **Pereiro, A. X.** (2026). Moderating effect of the domains of the cognitive reserve index questionnaire (CRIq) on longitudinal change slopes in episodic memory across the cognitive aging continuum. *Scientific Reports*, 16(1). <https://doi.org/10.1038/S41598-025-29374-8>
- **Dono, M.**, D'Amore, C., **Alzate, M.**, Brambilla, M., van Zomeren, M., & Sabucedo, J. M. (2026). Examining psychological effects of demagogic discourse on perceived threat and political intolerance. *Current Psychology*, 45(3). <https://doi.org/10.1007/S12144-025-08555-8>
- Zhunussova, A., Pellicciari, M. C., Carreiras, M., & **Cespón, J.** (2026). Electrophysiological correlates of cognitive reserve in healthy older adults at different cognitive states. *Cognitive, Affective and Behavioral Neuroscience*. <https://doi.org/10.3758/S13415-025-01384-Z>

*Fonte: Portal de Investigación, a data de 03/02/2026

Convocatorias*

Convocatoria/Ligazon	Prazo	Descrición
INCUBA EMPRENDE	23/01/26 - 23/02/26	Programa de incubación de USC-EMPRENDE que desenvolverá a súa primeira edición durante o curso académico 2025-2026 co obxectivo de axudar a definir e impulsar ideas e proxectos emprendedores da comunidade universitaria con potencial desde a súa orixe ata a súa consolidación, espallando a cultura emprendedora e innovadora como motor de transformación social, económica e cultural.
Investigación en Promoción de la Salud(Fundación "La Caixa") .	08/01/26 - 25/02/26	O obxectivo desta convocatoria é identificar investigacións que impulsen o deseño e a avaliación de intervencións sanitarias na promoción da saúde e na prevención de enfermidades. As áreas de interese da convocatoria inclúen, entre outras: saúde mental, saúde da muller, saúde infantil e adolescente, nutrición e estilos de vida saudables, envellecemento saudable e xestión da cronicidade.
Becas Leonardo (Fundación BBVA)	20/01/2026 - 20/03/2026	O obxecto da presente convocatoria é a concesión de bolsas individuais a investigadores e creadores culturais nun estadio intermedio da súa carreira, entre 30 e 45 anos (ambos inclusive), para o desenvolvemento dun proxecto marcadamente persoal e innovador no correspondente ámbito de especialización científica, tecnolóxica ou cultural.

Convocatoria/Ligazon	Prazo	Descrición
Programa Prismas y Problemas 2025	30/12/25 - 31/03/26	O obxectivo deste programa é promover a colaboración interdisciplinar e a conexión con axentes institucionais e expertos de distintos ámbitos. A convocatoria Prismas e Problemas impulsa proxectos de investigación aplicada baseados en modelos e metodoloxías sólidas, con resultados transferibles ao tratamento de retos de especial relevancia socioeconómica, sanitaria e ambiental.
Ayudas para estancias de movilidad en el extranjero José Castillejo para jóvenes doctores 2025	29/01/2026 - 18/02/2026	A realización de estancias de mobilidade no estranxeiro, de entre 3 e 6 meses, dirixidas a mozos doutores recentemente incorporados á carreira docente e investigadora e que manteñan unha vinculación contractual como profesores e investigadores cos seus centros de adscrición, co fin de ampliar os seus coñecementos e mellorar a súa competencia académica.
Ayudas para estancias de personal docente y/o investigador senior en centros extranjeros 2025	29/01/2026 - 18/02/2026	A realización de estancias de mobilidade, que faciliten a incorporación do persoal docente universitario e dos investigadores a universidades, grandes instalacións, laboratorios e centros de investigación estranxeiros, e entre 3 a 6 meses, de xeito que poidan ampliar os seus coñecementos e mellorar a súa competencia académica en beneficio dos sistemas universitario e de I+D+I españois.

**Relación non exhaustiva de convocatorias.*

A palabra do mes

Nesta sección presentaranse termos do glosario en galego vinculados á psicoloxía.



PSICOLOXÍA CIENTÍFICA



Conxunto de feitos, teorías e técnicas psicolóxicas que se desenvolveron e validaron mediante o uso do método científico

*Fonte: Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Psicoloxía da USC (en preparación).
Glosario de termos psicolóxicos.*